

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS

PRESTACIÓN INTEGRAL DOS SERVIZOS DE CONSERXERÍA E LIMPEZA EN VARIAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPALS.

1.- OBXECTO DO CONTRATO.

É obxecto do presente prego regular as condicións para a contratación dos servizos de conserxería, control e limpeza das instalacións deportivas municipais que se relacionan ao longo do presente documento.

Non obstante, durante o prazo de vixencia do contrato poderá extenderse o obxecto do mesmo a outros edificios deportivos que pasen a formar parte ou se adscriban á Concellaría de Deportes, por ampliación de servizos, ou quedar sen efecto para aqueles recintos que cesen a súa actividade e causen baixa no contrato.

2.- REQUISITOS DO CONTRATISTA. RESPONSABILIDADES E OBRIGAS.

Serán obrigas do adxudicatario as seguintes:


- Designar ao fronte da prestación dos servizos a unha persoa idónea, cualificada e experimentada nos traballos obxecto do contrato. Esta persoa será a receptora de todas as ordes e avisos que curse a Concellaría de Deportes, responsabilizándose da súa inmediata e correcta execución, así como, dun axeitado trato cos usuarios das distintas instalacións deportivas.

Esta persoa estará permanente localizada ante a Concellaría de Deportes durante a xornada legal de traballo e, incluso, para notificacións de urgencia, en todo momento.

- Todo o persoal que o adxudicatario asigne ao servizo será contratado de acordo coa lexislación laboral vixente, observando exactamente canto prevén a normativa respecto á seguridade, saúde e hixiene no traballo, estando debidamente acollidos os seus traballadores ao réxime legal de alta na Seguridade Social e cumprindo escrupulosamente coa restante normativa vixente ao respecto, en cada momento, durante a execución dos servizos.

O adxudicatario, no prazo dun mes a contar desde a notificación da adxudicación, presentará aos servizos técnicos municipais o estudo de Avalación de Riscos nos distintos centros e postos de traballo, debendo ter cumpridamente informado ao seu persoal destes extremos.

- Manter, en todo momento, un riguroso control dos recintos durante o seu horario de apertura garantindo que todos os seus espacios (vestiarios, pista de xogo, ...) se atopan en correctas condicións de uso. Especial vixilancia e atención requieren os equipamentos deportivos (porterías, canastras, ...) existentes nas instalacións que deberán revisarse diariamente, varias veces, comprobando que todos se atopan en perfecto estado para a súa utilización.



- d) Manter un correcto estado de limpeza das instalacións deportivas obxecto do contrato utilizando a mán de obra, materiais e maquinaria axeitada á composición e tipo de superficie obxecto de limpeza. Para consegui-lo deberá como mínimo manter as frecuencias que se recollen no presente prego, con especial atención as zonas de xogo e vestiarios.
- e) Responder dos danos que o persoal da empresa poida ocasionar nos edificios, instalacións e mobiliario no que se desenvolvan as prestacións obxecto de contrato.
- f) Responder da axeitada corrección de respecto do persoal da empresa nas súas relacións cos reponsables das diferentes entidades deportivas, adestradores, deportistas e público en xeral, así como, cos funcionarios responsables dos servizos e inspección dos mesmos.

A) SERVIZO DE CONTROL E CONSERXERÍA

O servizo de conserxería prestarase durante once meses ao ano no suposto dos campos de fútbol de Cancelas, Santa Isabel, San Lázaro (Sergas) e Villestro (pechando previsiblemente desde o 10 de xullo ao 10 de agosto), e durante dez meses ao ano no que se refire ao campo de fútbol 8 de Belvís e os polideportivos de Lorenzo de la Torre, Pontepedriña, Fontiñas, Restollal e Vite (pechando previsiblemente do 1 de xullo ao 31 de agosto).

O servizo realizarase consonte o seguinte horario que terá carácter orientativo, debéndose ter en conta as seguintes consideracións:

1. O horario que se define por centro ten carácter indicativo, dado que pode ocorrir que nunha instalación sexa necesario abrir máis que noutras, co que os horarios de apertura e peche se axustarian antes do inicio do servizo, sempre respectando o total de horas que figuran neste prego.
2. Se fora necesario, o persoal poderá realizar o servizo de conserxería en calquera das instalacións obxecto do contrato, podendo destinarse aquelas horas que puntualmente non se necesiten nun recinto deportivo a outro, co fin de dar cobertura ás necesidades existentes.

- **Campos de fútbol de Santa Isabel, As Cancelas, San Lázaro (Sergas) e Villestro.**


Horario estimado de luns a venres de 16,30 a 23,30 horas.
Sábados e Domingos de 9 a 22 horas, ininterrompidamente.

Horas totais luns a venres: 7 h/día x 5 días/semana = 35 horas

Horas totais sábado e domingo: 26 horas/semana.

Horas totais semana: 61 horas por instalación.

Festivos: 4 días x 8 h./día = 32 h. (apertura nunca posterior das 22 horas) x 4 instalacións = 128 horas



■ **Campo de fútbol 8 de Belvís**

Horario estimado de luns a venres de 17 a 23 horas.

Fins de semana: un máximo de 10 horas que poderán desenvolverse ininterrompidamente, nunca posterior das 22 horas.

Horas totais luns a venres: 6 h/día x 5 días/semana = 30 horas

Horas totais fins de semana: 10 horas.

Horas totais semana: 40 hora

■ **Pavillón Lorenzo de la Torre**

Horario de luns a venres de 9,30 a 14,30 e de 16,30 a 23,30 horas.

Fin de semana: 12 horas de apertura (apertura nunca posterior das 22 horas)

Horas totais luns a venres: 12 h/día x 5 días/semana = 60 horas

Horas totais fins de semana: 12 horas/semana.

Horas totais semana: 72 horas

Festivos: 4 días x 8 horas/día = 32 horas (apertura nunca posterior das 22 horas)

■ **Pavillóns de Pontepedriña e Fontiñas**

Horario de luns a venres de 16,30 a 23,30 horas.

Fin de semana: 12 horas de apertura (apertura nunca posterior das 22 horas)

Horas totais luns a venres: 7 h/día x 5 días/semana = 35 horas

Horas totais fins de semana: 12 horas/semana.

Horas totais semana: 47 horas por instalación.

Festivos: 4 días x 8 horas/día = 32 horas (apertura nunca posterior das 22 horas) x 2 instalacións = 64 horas

■ **Pavillóns de Restollar e Vite**

Realizaránse un total de 20 horas á semana por instalación, prioritariamente en fins de semana.

O servizo de conserxería terá por obxecto, cando menos, a realización das funcións e traballos que a continuación se expoñen podendo o Concello de Santiago ampliar ou definir outras durante a duración do contrato que se consideren precisas para o correcto desenvolvemento deste servizo.

PORTERÍA E CONTROL DE ACCESOS:

- Apertura e peche das instalacións con revisión previa a todos os seus espazos (vestiarios, almacéns, zona de xogo, ...) así como, aos equipamentos (porterías, canastras, ...).
- Atención da portería, teléfono e visitas.



- A vixilancia en xeral das instalacións que supón a previsión de posibles perigos para o persoal, público e en especial para os usuarios.
- Deber de observar e impedir calquera dano ou anomalía nas instalacións.
- Atención ás alarmas. Conexión e desconexión.
- Manter a orde nas duchas, vestuarios e instalacións en xeral.
- Colocar os equipamentos deportivos nas devanditas instalacións para o desenvolvemento das actividades a que haxa lugar, con especial atención sobre a súa seguridade.
- Non permitir a entrada de animais, acompañados polos seus donos ou non, nin a presenza de animais abandonados, salvo orde expresa por parte da Sección de Deportes
- Atención e recepción ao público en xeral.
- Informar á Sección de Deportes de todas as anomalías que se observen. Cubrir diariamente os partes de incidencias e fichas de control de usuarios, así como, calquera outro parte de control /documento que se defina.
- Manter en orde, actualizado e protexido, o cadro de chaves non permitindo o uso do mesmo por persoal non autorizado.
- Comprobar diariamente antes da apertura e peche do centro, as condicións das billas, sanitarios, luces, caldeira, etc.
- Comprobar diariamente e, cando menos, no momento da apertura e peche das instalacións, as condicións nas que se atopa o equipamento deportivo (porterías, canastras,..), con especial atención e vixilancia aos sistemas de anclaxe e demáis elementos de seguridade.
- Vixiar o cumprimento das normas de uso das instalacións ou calquera outra directriz que estableza a Sección Municipal de Deportes, dentro dos termos do contrato.
- Prestar apoio no que atinxe á adecuación das instalacións a todo tipo de actos en xeral que poidan desenvolverse nas mesmas.

CONSERVACIÓN E MANTEMENTO ELEMENTAIS

- Control e revisión dos extintores e das sinalizacións de emerxencia.
- Control e revisión dos Botiquíns existentes nos recintos (comprobación de caducidades dos elementos que os componen, ...).
- Realizar os labores que se lle encomenden por parte da Sección Municipal de Deportes para o cumprimento da normativa pola que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexionelose (control diario da temperatura dos depósitos acumuladores, purga semanal dos acumuladores, purga de válvulas de drenaxe de tuberías e calquera outra labor que se determine ao respecto)
- Acendido e apagado do sistema de calefacción e supervisión do seu correcto funcionamento segundo as directrices sobre o uso do sistema de calefacción elaborado polos servizos técnicos do Concello de Santiago e do que se dispón nos centros.
- Vixiar o nivel de combustible e notificar coa suficiente antelación á Sección de Deportes para proceder á súa reposición, a fin de evitar avarías provocadas por carencia do mesmo.
- Cambio das redes de xogo das porterías, canastras, ..., e demáis equipamentos existentes nas instalacións.
- Dar conta á Sección de Deportes das deficiencias observadas para o seu arranxo por parte de persoal especializado.
- Comunicar de todas as obras realizadas para a súa posterior inspección.

- Efectuar pequenas reparacións ordinarias de fontanería, carpintería, albanelería, etc. que non precisen especial cualificación técnica para a súa realización, tales como:

Fontanería:

1. Arranxo das billas que pinguen.
2. Arranxo de accesorios sanitarios (cadeas, desaugadoiros, cisternas, etc.)
3. Coidar de que non haxa fugas de auga ocultas na instalación.

Albanelería e carpintería:

1. Arranxo de persianas.
2. Repasos de pintura.
3. Revisión e engraxe de portas e fiestras.
4. Arranxar pechaduras avariadas ou cambiar por outras semellantes
5. Arranxar colgadoiros rotos e colocar colgadoiros novos.
6. Cambio de pechaduras e ferraxes.
7. Colocación de azuleixos.

Traslados de materiais

1. Realizar os traslados de mobiliario e equipamento deportivo dentro da instalación que lles sexan encomendados.
2. Colaborar en traslados de maior envergadura que sexan encomendados a terceiros.
3. Axudar a desembalar material novo que chegue ao recinto deportivo, así como, axudar a colocar e/ou distribuír o material funxible.

Limpeza

1. Atender as posíbeis incidencias de limpeza de carácter puntual que poidan xurdir ó longo do horario de desenvolvemento da actividade (vómitos, limpeza de "repaso" de aseos e vestuarios alomenos unha vez na xomada de mañá e dúas veces na xomada de tarde, filtracións de auga que poidan afectar a zonas de tránsito ou á zona de xogo,...).

Todas as funcións descritas deberán ser interpretadas, en casos de discrepancia, de acordo cos criterios que determine a Sección Municipal de Deportes, que poderá dictar instrucións para a súa aplicación dando conta das mesmas ao Servizo de Contratación do Concello.

Ademais dos traballos especificados anteriormente os conserxes comprobarán o estado exterior e interior das instalacións, no referente a portas, ventanas, luces, fachadas, ..., sinalando mediante vallas ou calquera outra forma visible posibles caídas de peches, cristais rotos, socavóns, equipamentos deportivos en mal estado, etc., pertencentes ás instalacións deportivas.

Para a realización destas funcións será necesario dispor por parte do adxudicatario de telefonía móvil e dos números de teléfono de contacto da Concellaría de Deportes, do responsábel da empresa adxudicataria, e dos servizos de emergencia (bombeiros, policía local, 112, etc.) co obxecto de previr as posibles continxencias que puidesen suceder. Deberase prestar especial atención, para un pronto desaloxo, a calquera circunstancia do xogo ou actividade deportiva que se estea a desenvolver e que requira o traslado dun deportista a través de ambulancia ou calquera outro servizo sanitario.

Para a prestación deste servizo utilizaranse prendas de traballo identificativas e materiais coa seguridade axeitadas ás tarefas que van desempeñar. Así mesmo, o adxudicatario deberá de dotar a cada instalación cunha caixa de ferramentas básicas, tales como, desparafusadores varios, alicates, chave inglesa, martelo, cutter, puntas e parafusos de diferentes tamaños, e outros elementos de similares características que faciliten ao persoal o desenvolvemento das funcións anteriormente indicadas.

AMPLIACIÓNS OU REDUCCIÓN

Co motivo de posibles ampliacións ou reduccións dos horarios de apertura e peche das instalacións durante a vixencia do contrato, a empresa deberá concretar o prezo por hora de conserxería que, en todo caso, será o resultante da aplicación da ratio extraíble da súa oferta xeral.

B) SERVIZO DE LIMPEZA

O servizo de limpeza prestarase durante once meses ao ano no suposto dos campos de fútbol de Cancelas, Santa Isabel, San Lázaro (Sergas), e Villestro (pechando previsiblemente desde o 10 de xullo ao 10 de agosto), e durante dez meses ao ano no que se refire ao campo de fútbol 8 de Belvís e os polideportivos de Lorenzo de la Torre, Pontepedriña e Fontiñas (pechando previsiblemente do 1 de xullo ao 31 de agosto).

Nota: o horario de limpeza é a repartir entre os 7 días da semana, polo que tamén vai incluída a fin de semana.

A carga horaria que se define por instalación —35 h/semana en campos de fútbol (20 h/semana no caso de Belvís) e 30 h/semana en polideportivos— ten carácter orientativo, debéndose ter en conta as seguintes consideracións:

1. A carga horaria que se definie por tipo de instalación ten carácter indicativo, polo que as horas concretas de limpeza a destinar a cada equipamento se determinarán antes do inicio da prestación do servizo, sempre respectando a cantidade total que figura neste prego. En todo caso, a prestación deste servizo desenvolverase nun horario que non interfira, ou o faga mínimamente, coas actividades deportivas programadas.

2. Se fora necesario, o servizo de limpeza poderase desenvolver en calquera das instalacións obxecto do contrato, podendo destinarse aquelas horas que, puntualmente non se necesiten nun recinto deportivo, a outro, co fin de dar cobertura as necesidades existentes.

Polo tanto, faise de novo necesario distinguir entre os campos de fútbol e pavillóns.

⇒ **Campos de fútbol de Santa Isabel, As Cancelas, San Lázaro (Sergas) e Villestro**

Limpeza: 35 h/semana x 4 instalacións x 4,34 semanas/mes x 11 meses = 6.683,6 h/ano.

Festivos: 4 días x 3 horas/día x 4 instalacións = 48 horas

⇒ **Campos de fútbol 8 de Belvís**

Limpeza: 20 h/semana x 4,34 semanas/mes x 10 meses = 868 h/ano.

⇒ **Pavillóns de Pontepedriña, Lorenzo de la Torre e Fontiñas**

Limpeza: 30 h/semana x 3 instalacións x 4,34 semanas/mes x 10 meses = 3.906 h/ano.

Festivos: 4 días x 3 horas/día x 3 instalacións = 36 horas

Ademais, considérase necesario incluir unha bolsa de horas para unha limpeza específica de cristais e fregados especiais, para o que se estima como razoable comprometer 30 horas ao mes.

Así, 30 horas /mes x 10 meses = 300 horas/ano de operario especialista.

Este servizo terá por obxecto, cando menos, a realización dos seguintes traballos con indicacións orientativas ao número de frecuencias e actuacións que poderán ser alteradas ao longo do contrato, por necesidades do servizo, sempre que non se alteren o número de horas previstas.

FUNCIONS E COMETIDOS DO SERVIZO DE LIMPEZA:

O adxudicatario deberá prestar o servizo de limpeza nas instalacións deportivas obxecto deste contrato e en todas as súas dependencias, ainda que non se fixera referencia a elas expresamente. En particular, teranse en conta os seguintes lugares:

- Bancadas, escaleiras e pasillos.
- Aseos de público.
- Zona de vestuarios (duchas, zona seca, ...)
- Espazos de almacén e zonas de servizo (caldeiras,...)
- Pistas de xogo
- Equipamentos deportivos

O adxudicatario quedará obrigado igualmente a efectuar a limpeza que se precise con motivo da realización de obras, reformas e pintura total ou parcial das instalacións, incluíndo tanto as obras de carácter ordinario como extraordinario.

A limpeza das superficies anteriores realizarase cos métodos, frecuencias mínimas e materiais que a continuación se sinalan podendo puntualmente e, segundo a actividade, ter que modificarse.

a) Superficies de xogo.

Limparanse segundo os métodos que se indiquen por parte da Sección Municipal de Deportes. No que se refire aos campos de fútbol de herba sintética, diariamente deberase de recoller o lixo que se poida depositar no mesmo, con especial atención aos chicles e pipas.

No que se refire aos polideportivos, no caso concreto dos Pavillóns Lorenzo de la Torre e Fontiñas cuia superficie de xogo é de parqué, deberase de pasar como mínimo unha vez por semana un fregado con máquina non abrasiva e sen produtos químicos. Diariamente (cando menos dúas veces ao día) limparase toda a superficie cunha mopa ou similar. No que respecta ao Pavillón da Pontepedriña que dispón dunha superficie de caucho o procedimento a empregar será o mesmo que o indicado para os pavillóns de parqué. Cando menos e diariamente, tamén será necesario pasar unha mopa.

Evitarase a utilización de disolventes e produtos básicos fortes.

b) Pavimentos de pasillos e zonas comúns.

Limpeza diaria. Tratarase con productos neutros e antiesvarantes ou emulsións autobrillantes convertíndoos en superficies homoxéneas.

En todo caso, garantizarase que os solos estean perfectamente secos antes da súa utilización.

c) Servizos e vestiarios deportivos.

Serán obxecto dunha escrupulosa limpeza. Evitarase a utilización de ácidos. Usaranse baietas suaves na grifería. Utilizaranse, no seu caso, desinfectantes e desodorizantes que non enmascaren os malos olores, senon que destrúan os xermes que os producen. Os vestiarios estarán suxeitos a unha especial atención debendo limparse en profundidade unha vez ao día. Deberá de garantirse en todo momento un nivel óptimo de hixiene aínda que iso obrigara a unha maior frecuencia diaria.


Mención a parte merecen as fins de semana como consecuencia da competición. No suposto de haber encontros programados para todo o día deberanse de realizar dúas limpezas en profundidade, unha de mañá e outra de tarde dado o maior uso destes espazos.

d) Bancadas.

Fregaranse, no seu caso, con deterxentes neutros, cunha frecuencia mínima de unha vez por semana, con especial atención nas fins de semana.

e) Cristais.

Limpeza destas superficies unha vez cada dous meses con especial atención aos polideportivos polo elevado número de cristaleira que posúen.



CONCELLO DE
SANTIAGO

f) Espazos de almacén e zonas de servizo (caldeiras,..)

Estas dependencias deberán de estar perfectamente recollidas, realizándose unha limpeza xeral unha vez por semana, como mínimo. No caso concreto das zonas de servizo (caldeiras, etc..) seguiranse as instruccions que defina a Sección Municipal de Deportes.

g) Equipamentos deportivos

Deberán de limpíarse segundo necesidade. A limpeza dos taboleiros das canastras de baloncesto e minibasquet deberán de limpíarse, como mínimo, unha vez ao mes.

h) Outras consideracións

Deberá de realizarse unha limpeza inmediata no suposto de accidente, rotura ou de producirse unha situación extraordinaria que así o requira. Na realización dos traballos de limpeza eliminarase calquera produto sólido ou mancha, mediante o oportuno tratamiento físico ou químico, con solución neutra, así como os seus cercos, procedéndose a unha esmerada limpeza sen que, en ningún caso, se utilicen produtos susceptíbeis de danar os mobles, pavimentos e demás superficies de limpeza.

Calquera outra circunstancia que se presente deberá en todo caso ser comunicada a traves do encargado da empresa á Sección Municipal de Deportes para consensuar o tratamento a aplicar.

MATERIAIS E ÚTILES DE LIMPEZA

Os licitadores concretarán os úteis, produtos de limpeza, cantidades e calidades que se utilizarán na limpeza da cada instalación deportiva, así como, o stock mínimo destes produtos no recinto.

Todos os medios auxiliares, incluso de seguridade, materiais e útiles de limpeza, produtos, etc. serán por conta do adxudicatario. Tamén será por conta do adxudicatario o suministro e reposición en contía suficiente do papel hixiénico para os aseos de público e vestuarios.

Para a prestación deste servizo utilizaranse as prendas de traballo e materiais coa seguridade axeitadas ás tarefas que desempeñen.

Por parte do adxudicatario deberá garantirse que os produtos de limpeza se manteñen en dependencias pechadas nas instalacións fora do alcance dos diferentes usuarios do recinto.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2013

